CON-FLUENCIAS

CARTOGRAFÍAS FLUVIAIS CONTEMPORÁNEAS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Un proxecto de:

Outonía – Educación Social · Sustentabilidade Rural

Financiado por:

Cultura, derecho de **Todas**

Proyecto subvencionado por:

Gobierno de España · Ministerio de Igualdad · Instituto de las Mujeres

Coa colaboración:

Concello O Barco de Valdeorras · Concello de Vilamartín de Valdeorras · Concello de Petín · Concello da Rúa

CATÁLOGO PEZA 1

Albúm familiar e resultados da intervención con cianotipia

Confluencias, é unha experiencia híbrida entre arte, memoria e participación comunitaria para resignificar o territorio baixo unha perspectiva integral de xénero.

O río Sil é o fío de auga que tece historias entre as **mulleres participantes.** Acollendo os seus relatos, recordos, memorias asolagadas polo peso doutros discursos dominantes. É un convite a lexitimar as voces propias, a través da creación dunha **cartografía contemporánea na comarca de Valdeorras**.

Usando as mans, o benfacer, as prácticas invisibilizadas e os saberes encarnados, que ven a luz dende e a través da exploración artística.

As narracións, son a forma clásica de contarnos, historiar os saberes, de falar do propio. Neste relatar, transformamos baixo a nosa forma de entender e ver o mundo. Deixando que o conto se asente tamén en nós. E, incorporamos nel algo que xa é de todes.

Din que crear sentido parte da transformación – da metamorfose – propia e da das demais persoas. Precisamos ao colectivo, somos nel e el está en nós, confluíndo nos corpos que, á súa vez, son e crean territorio(s).

Aquí, asoman **reflexos de historias que configuran un mapa vivo, incompleto e expansivo**. Sabendo que non hai outra forma de dar sentido ao común mais que relatarnos unhas ás outras.

Grazas ás mulleres participantes, ao soster do relato e ao desbordante discurso.
Grazas a Sol Álvarez, polo acompañamento artístico nesta peza.
Grazas a Branca Albán, por inundar o corpo común.

CATÁLOGO PEZA 1

As imaxes aquí recollidas son unha pequena parte, non toda, do proceso e resultado dos encontros realizados con mulleres adultas na comarca de Valdeorras: O Barco, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras e Petín. Durante o outono do 2023.

E SE MIRAS AS NUBES

A Rúa, 2023

Pois cando observas as nubes, e dependendo do tempo que faga... observas e miras as súas formas, pensas e imaxinas.. Ao mirar cara abaixo os reflexos da auga son distintas formas que as de arriba. Os fenómenos da natureza, ao lado da auga son irrepetibles, sempre en cada momento.

TENDIDO DA MEMORIA

Petín, 1964

A ponte á orillas do Sil. Unha tarde na terra do Buraco. Veise Mones, Santa María e San Paio. Na foto aparecen Inés Avespa e o seu marido, José Blanco.

TENDIDO DA MEMORIA

A Rúa, 1957

Manifestación polas festas de San Cristóbal, pedindo a Saltos del Sil, Valverde, Moncabril e outras empresas a traída da auga para Fontei.

TENDIDO DA MEMORIA

Recuerdos inolvidables

Carballal, Petín, 1967

Baño de bebé acompañado da súa nai e primas.

LAVANDEIRAS NO PEDRAGAL

O Barco de Valdeorras, 1950

Foto sacada do libro “Cen anos do Barco” - Gustavo Docampo

PASEANDO POR EL RÍO

A Rúa, 2023

Un lugar de calma, paz e tranquilidade.



O RÍO SIL

Vilamartín de Valdeorras, 1990

O río estaba drenado, por iso ía tan baixo, as crianzas disfrutaban da época estival e coñecían o río case seco.

O RÍO SIL

CHAPUZÓN EN EL SIL

Pedregal de San Roque, Barco de Valdeorras, 1967

Mari Carmen do Bao, e un amigo

O RÍO SIL E NÓS

Vilamartín de Valdeorras, 1993

Un día de verán, as irmás Priscila e Sherezade



Confluencias é facer memoria.

Resignificar o territorio.

Procurar historias e permitir que estas nos cambien.

Confluír en relatos que debuxan cartografías do común.

CON-FLUENCIAS

CARTOGRAFÍAS FLUVIAIS CONTEMPORÁNEAS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

CATÁLOGO PEZA 1

Albúm familiar e resultados da intervención con cianotipia

Un proxecto de:

Outonía – Educación Social · Sustentabilidade Rural

Financiado por:

Cultura, derecho de **Todas**

Proyecto subvencionado por:

Gobierno de España – Ministerio de Igualdad – Instituto de las Mujeres

Coa colaboración:

Concello O Barco de Valdeorras

Concello de Vilamartín de Valdeorras

Concello de Petín

Concello da Rúa